

## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS E MATERIAL ESCOLAR

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades acaba de publicar a [ORDE do 10 de maio de 2023](#) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24

### **BENEFICIARIOS:**

a) Fondo solidario de libros de texto do alumnado matriculado en 3<sup>o</sup>, 4<sup>o</sup>, 5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> de educación primaria (EP), e en 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup>, 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> de ensinanza secundaria obrigatoria (ESO).

b) Axudas para adquirir libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> de EP, e en educación especial (EE)

c) Axudas para adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE

\* O alumnado incluído no proxecto de educación dixital (E-DIXGAL) no curso 2022/23 (5<sup>o</sup> e 6<sup>o</sup> de primaria e 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup>, 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> de ESO) está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto e das axudas para adquirir libros de texto. Non obstante, terá dereito á axuda para adquirir material escolar.

### **DOCUMENTOS A PRESENTAR:** (segundo o caso particular de cada familia):

- ANEXO I e II da mesma convocatoria ( pódese recoller no centro educativo ou da Sede Electrónica da Xunta: modelo ED330B).
- Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor

### **Excepcionalmente:**

- Certificado do grao de discapacidade, se fose o caso, do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano no que pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero, se fose o caso.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitado, se fose o caso.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe de servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titor e titores carezan de DNI e NIE.

### **PRAZO PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES:**

- Do 20 de maio ao 21 de xuño de 2023

### **LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- Portal electrónico de Educación: [edu.xunta.es/fondolibros](http://edu.xunta.es/fondolibros)
- [Sede electrónica da Xunta](#)
- Centro educativo